

O venres 9 de xaneiro, ás 22 horas, na Casa da Cultura de Verín proxectarase o filme *Frío*, un drama policial dirixido por Román Gutiérrez da Silva (Lalín, 1971) e interpretado por Xoque Carvajal e Tzeitel Rodríguez.

Esta estrea, con entrada libre, realizarase ao mesmo tempo en máis de cincuenta concellos galegos, en coordinación con Cinemas Dixitais e impulsada por A Productora Morta, co obxectivo de dar a coñecer ao gran público un cine galego que aspira a conciliar calidade narrativa e vocación industrial. Filmada en localizacións de Santiago, O Grove e Caminha (Portugal), *Frío* é unha historia de traizóns e corrupcións con elementos de cine negro, non recomendada para menores de 14 anos .